



TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Xestión e actividade profesional

Departamento: Xestión e actividade profesional

Formación básica	Curso: 4º	2º Cuadrimestre	4 ECTS
-------------------------	------------------	------------------------	---------------

Teórica

Profesor: Alberto Conde Álvarez

albertoconde@edu.xunta.gal

Horario: 2 horas semanais

DESCRICIÓN DA MATERIA

Introdución ao exercicio profesional: tipos de empresas, contratación, lexislación, etc. Responsabilidade civil e penal, normativa de seguridade e hixiene. Obrigacións tributarias e seguridade social. Organización de obras e empresas. Dirección: tipos e repercusións. Fontes de emprego, axudas e subvencións.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X12	Elaborar proxectos de conservación-restauración, determinar follas de prescricións técnicas e elaborar orzamentos.
X13	Dirixir equipos de conservación-restauración.
X14	Coñecer a lexislación relativa ao exercicio profesional e os recursos para a incorporación ao mercado profesional.
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

CURSO ACADÉMICO 2023-2024



EE3	Redactar e dirixir proxectos de conservación e restauración dos bens que integran a especialidade de escultura e asesorar tecnicamente na súa realización.
EE5	Establecer un diálogo interdisciplinar con outros/as profesionais relacionados/as co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concerne ao patrimonio escultórico.
EE6	Asesorar tecnicamente organismos, institucións, empresas e particulares sobre o estado e as medidas de conservación relativas a bens culturais propios da especialidade.
EE10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Coñecer as diferente formas xurídicas vixentes das empresas, analizando as máis adecuadas en función da actividade económica e os recursos dispoñibles.

Analizar os documentos necesarios para a actividade económica dunha pequena empresa, a su organización, tramitación e constitución.

Coñecer as obrigacións mercantís, fiscais e laborais dunha pequena empresa para desenvolver a súa actividade económica legalmente.

Elaborar un proxecto de creación dunha pequena empresa, analizando a súa viabilidade.

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	Subtemas	% da materia
1 - O exercicio profesional na pequena empresa.	Tipos de empresa. Modalidades de contratación. Responsabilidade civil e penal. Obrigacións tributarias e coa seguridade social. Lexislación básica.	65%
2 – Prevención de riscos laborais	Normativa. Aplicación na conservación e restauración dos bens culturais.	15%
3 – Organización de obras e empresas	Dirección e xestión dunha pequena empresa.	10%
4 - Fontes de emprego, axudas e subvencións	Axudas públicas ás empresas. Iniciativas da Unión Europea, da AXE e das CC. Autónomas.	10%

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	20		20
Estudo autónomo		20	20
Traballo tutelado	16	44	60
Total	36	64	100

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	Exposición das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as sesións maxistras e outras ferramentas aportadas.
Traballo tutelado	Actividades de aplicación dos coñecementos. Deseño e planificación polo alumnado dun proxecto empresarial sobre suposto ou caso real, coa orientación e ferramentas proporcionadas polo profesor.
Estudo e/ou traballo autónomo	Estudo individual, utilizando diversas fontes (documentación aportada polo profesor – plataforma Moodle-, bibliografía, etc.).

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas	Cualificacións das probas	60%
Traballo tutelado	Avaliación continua a través do seguimento do traballo. Valórase seguimento, participación, asistencia e interese.	40%
Total		100 %

OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

-A asistencia considérase obrigatoria. Avaliarase de forma continua o progreso do proceso de aprendizaxe.

-Aqueles que, por non asistiren, perdan o dereito a avaliación continua deberán en calquera caso presentar os traballos individuais propostos ó longo do curso.

- A cualificación poderá ser:

- Non presentado: cando non se presenten a totalidade dos traballos establecidos ó longo do curso.
- Suspenso: cando, presentados todos os traballos, a cualificación obtida non supere o 4,9.
- Aprobado (coa cualificación correspondente) cando, presentados todos os traballos, a cualificación obtida supere o 4,9.

-Nos casos de cualificacións “non presentado” ó “suspenso”, na convocatoria ordinaria, proporanse as tarefas que permitan a recuperación parcial/total segundo as partes non superadas, que incluirán:

o Unha proba escrita de valor 60% do total da cualificación final.

o Presentación e avaliación do traballo de materia (creación dunha PYME) 30%.

-O alumnado que non supere a convocatoria ordinaria terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria. Nesta convocatoria o alumnado terá que realizar unha proba escrita de valor 60% sobre a cualificación. E a presentación do traballo da materia (creación dunha PYME) 40%.

-De cara á avaliación extraordinaria proxectaranse nas titorías didácticas os procedementos de recuperación previos, alternativos ou complementarios a proba escrita, a realizar no mes de Xullo.



ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso, a través das titorías docentes realizadas no horario establecido ó efecto.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Suárez Sánchez-Ocaña, Alejandro, (2011) *Ha llegado la hora de montar tu empresa*, Ediciones Deusto
- López Román, Antonio (1999), *Prevención de riesgos laborales en la investigación e intervención en Patrimonio Histórico*, Editorial Comares, Granada
- www.emprenderengalicia.org
- www.bicgalicia.es
- www.igape.es/gl/
- www.ipyme.org/es-ES/Paginas/Home.aspx